

Expediente núm.: 567/2022

Procedemento: Selección Persoal.

Asunto: Resolución Alcaldía designación Aprobación lista definitiva, designación membros tribunal e constitución, valoración méritos e realización proba de galego, convocatoria Selección Persoal mediante concurso, de 2 prazas de limpador/a incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para estabilizar o emprego temporal do Concello de Muíños en conformidade coa Lei 20/2021

RESOLUCIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA, DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL E CONSTITUCIÓN, VALORACIÓN MÉRITOS E REALIZACIÓN PROBA DE GALEGO

CARACTERÍSTICA DA PRAZA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	LIMPADOR/A
RÉXIME	Persoal Laboral fixo
GRUPO COTIZACIÓN	10
NÚMERO DE VACANTES	2
SISTEMA SELECTIVO	Concurso
XORNADA LABORAL	½ Xornada

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], sen que se presentasen reclamacións.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria na Resolución de Alcaldía de data 6 de outubro de 2022, e en virtude das atribucións que legalmente teño conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as de conformidade co establecido na Base Sexta das Bases Reguladoras para a provisión mediante concurso, de 2 prazas de traballador/a para o posto de limpador/a (½ xornada), persoal laboral fixo, acollido ao proceso de estabilización do emprego temporal do concello de Muíños:

RELACION DE ASPIRANTES ADMINTIDOS			
Nº	APELIDOS E NOME	D.N.I.	EXENTO GALEGO
1	Alonso Garcia María Soraya	XXXX9750Q	NON
2	González Rivera Montserrat	XXXX4810F	SI

RELACION DE ASPIRANTE EXCLUÍDOS	
NINGÚN	



SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal que deben xulgar o Concurso a:

Tribunal titular:

Presidente : Manuel Valentín Perez Nieto, Adxunto ao xefe do servizo de recursos humanos e formación da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a : D^a Maria Elena Dominguez Gomez, Secretaria Acctal. do Concello de Muíños.

Vogais:

D^a. Ana M^a Antúñez Pérez, Técnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muíños.

D^a M^a Isabel Colmenero Veloso, Secretaria-Interventora do Concello de San Cibrán das Viñas.

Dna. M^a Del Carmen Dominguez Pérez, Traballadora Social do Concello de Muíños.

Tribunal suplente:

Presidente : D.Esteban Fernández Alvarez, Xefe da sección de xestión e selección de persoal da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a: D^a.Rosa Pena Seoane, Administrativa do Concello de Muíños.

Vogais:

D^a. Angeles Cantón alvarez, Xefa de gabinete de asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

D.Adamantino Barreiro Garcia, Vicesecretario da da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

D^a. Marina Sara González Soto, Asesora Xurídica de Asuntos de Urbanismo e demais Servizos Municipais do Concello de Pereiro de Aguiar

TERCEIRO.- A constitución do tribunal terá lugar o día **18 de abril de 2023 as 9:00 horas** no salón de Sesións do Concello de Muíños

CUARTO.- Convocar ao tribunal para o vindeiro **18 de abril de 2023, ás 10:00 horas**, na Casa do Concello de Muíños, situada en Praza San Rosendo, n^o2 (32880 – Muíños) para proceder á **valoración dos méritos, e proba de galego (no caso de ser necesaria)** das candidatas admitidas ao proceso selectivo. A lista que conteña a valoración dos méritos farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica [\[http://concellomuinos.sedelectronica.gal\]](http://concellomuinos.sedelectronica.gal)

QUINTO.- Convocar ás aspirantes admitidas para o vindeiro día **18 de abril de 2023, ás 10:30 horas**, na Casa do Concello de Muíños, situada en Praza San Rosendo, n^o2 (32880 – Muíños), co obxecto de proceder á realización da **proba de galego (no caso de ser necesaria)**. As aspirantes deberá vir provisto da documentación identificativa oficial correspondente. A non comparecencia das aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

SEXTO.- Os sucesivos chamamentos e convocatorias de producirse, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal e que deba coñecer o aspirante ata a finalización da fase de concurso, exporanse na sede electrónica deste Concello: [\[http://concellomuinos.sedelectronica.gal\]](http://concellomuinos.sedelectronica.gal), no Taboleiro de anuncios e na páxina web para maior difusión, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

SÉTIMO.- Notificar a presente Resolución aos membros do tribunal para o seu coñecemento.

OITAVO.- Publicar na sede electrónica deste Concello: : [\[http://concellomuinos.sedelectronica.gal\]](http://concellomuinos.sedelectronica.gal), no Taboleiro de anuncios e na páxina web a lista definitiva do aspirantes admitidos/as e excluídos/as, a designación e constitución do tribunal e a data da convocatoria da valoración de méritos e realización da proba de galego.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, en Muíños na data que figura á marxe. Ante min, secretaria. Dou fe.



Asinado dixitalmente á marxe

RECURSOS.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

